

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

*ANUNCIO do 10 de marzo de 2022 polo que se notifican as resolucións de expedientes sancionadores por incumprimento das medidas de prevención e contención en materia sanitaria do Concello do Barco de Valdeorras (expediente SCOVID/OBARCO/0241 e un máis).*

O Concello do Barco de Valdeorras ditou resolución do expediente sancionador SCOVID/OBARCO/0241 e un máis por vulneración da normativa sanitaria.

Intentada a notificación das resolucións por correo certificado con xustificante de recepción no domicilio que consta nos correspondentes expedientes sancionadores, estas foron devoltas polo servizo de Correos. Por este motivo, e de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a notificación das resolucións ditadas nos procedementos sancionadores en materia sanitaria ás persoas interesadas que figuran no anexo efectúase por medio dun anuncio publicado no *Boletín Oficial del Estado* (BOE), que previamente se publica no *Diario Oficial de Galicia*.

Dado que neste acto non se publican na súa integridade as notificacións referidas, de conformidade co artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o texto íntegro dos actos que se notifican están á disposición das persoas interesadas, xunto co resto do expediente, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte ao desta publicación no *Boletín Oficial del Estado*, nas oficinas municipais do Concello do Barco de Valdeorras, situadas na praza do Concello, 2, O Barco de Valdeorras, Ourense, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres. Advírteselles ás persoas interesadas que, de non compareceren no referido prazo, a notificación se entenderá producida, para todos os efectos, o día seguinte ao do vencemento do prazo.

As resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas cabe recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo da circunscrición en que o demandante teña o seu domicilio ou aquela en que se atope a sede do órgano autor do acto orixinario impugnado (entendéndose limitada esta posibilidade de elección só aos xulgados que



se atopen dentro da circunscrición do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia), de acordo co establecido nos artigos 8 e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto no artigo 46.1 da citada norma legal ou, potestativamente, recurso de reposición ante a persoa titular da alcaldía do Concello do Barco de Valdeorras, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Este anuncio realízase ao abeiro do establecido no Convenio asinado o 27 de novembro de 2020 entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2022

Sonia Romero Doniz  
Funcionaria da unidade tramitadora





## ANEXO

Número de expediente	DNI/CIF persoa interesada	Infracción imputada	Precepto cualificador	Precepto sancionador	Sanción imposta
SCOVID/OBARCO/0241	76620562H	Incumprimento das normas emitidas polas autoridades sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia polas que se establece o horario de peche dos establecementos de hostalaría e restauración	Artigo 41.g) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia	Artigo 44.1 e 44.2 da Lei 8/2008	200 €
SCOVID/OBARCO/0249	76620562H	Incumprimento das normas emitidas polas autoridades sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia polas que se establece o horario de peche dos establecementos de hostalaría e restauración	Artigo 41.g) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia	Artigo 44.1 e 44.2 da Lei 8/2008	200 €

